

BASES DA CAMPAÑA DE PRIMAVERA

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, Centro Comercial Aberto (ACEBE CCA) organiza a "Campaña de Primavera" que se desenvolverá entre o 15 e o 28 de marzo de 2025.

Os participantes poderán consultar as presentes bases durante o período no que estea vixente na páxina web www.comerciodebetanzos.com e na App AcebeCCA.

A campaña consiste no sorteo de dous bonos de 75 € para gastar nos establecementos asociados a ACEBECCA a través da aplicación móbil AcebeCCA.

O obxectivo deste sorteo é premiar aos consumidores pola súa fidelidade ao mercar e consumir en Betanzos.

Como Participar

- 1- Descarga a aplicación móbil AcebeCCA.
- 2- Date de alta como usuario.
- 3- Entra na campaña e rexistra os tickets das compras realizadas nos establecementos asociados a ACEBE CCA entre o 15 e o 28 de marzo de 2025, ata completar un importe de 300€.
Se chegas aos 300 € acumulados podes seguir xuntando tickets e terás máis oportunidades de gañar.

Participantes

- A participación nesta campaña implica a aceptación, na súa totalidade, das presentes bases.
- Só poderán participar no sorteo os maiores de 18 anos.
- Os titulares dos establecementos participantes, cónxuxes e familiares directos, así como os empregados, non poderán participar con tickets do propio establecemento pero si cos doutros negocios.

Sorteo

Os dous premios adxudicaranse mediante un sorteo que se realizará a través da Aplicación AcebeCCA o 1 de abril de 2025 salvo causa de forza maior.

A organización comprobará que as persoas gañadoras cumpren todos os requisitos. Para a comprobación revisaranse os seus tickets de compra e só se terán en conta os tickets das compras realizadas nos establecementos asociados a ACEBE CCA entre o 15 e o 28 de marzo de 2025.

Se algunha das persoas gañadoras non cumpre os requisitos volverase a sortear o premio correspondente.

ACEBE CCA comunicarse con cada unha das persoas gañadoras do sorteo para informala e acordar unha cita para activar o bono de 75€ na app do premiado e tomar a imaxe do mesmo, que se utilizará para as reportaxes fotográficas, informativas e promocionais en calquera soporte divulgativo relacionadas coa Campaña de Primavera de 2025.

As persoas gañadoras poderán gastar os seus bonos tan só ensinando o código QR do bono na súa app no momento da compra. O bono só se poderá trocar nos establecementos asociados, sendo canxeable totalmente nun só establecemento ou parcialmente en distintos establecementos ata esgotar o saldo do mesmo. O premio non poderá canxearse polo seu valor en metálico.

A data límite para trocar o bono é o 30 de abril do 2025.

Utilización publicitaria do nome do gañador e Protección de datos

As persoas gañadoras ceden os seus datos e dereitos de imaxe para as reportaxes fotográficas, informativas e promocionais en calquera soporte divulgativo relacionadas coa Campaña de primavera de 2025 de ACEBE CCA sen que esta utilización lle confira dereito de remuneración ou beneficio algún. A participación no sorteo implica a aceptación desta cláusula.

Fraude

No caso de que se detectase calquera anomalía ou se sospeite de que un participante está a impedir o normal funcionamento do sorteo, este será eliminado do mesmo. Toda cuestión que puidese xurdir na interpretación ou aplicación das presentes bases será resolta pola organización do sorteo, e así mesmo reservándose o dereito para emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen un acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación do sorteo.

Protección de datos

Os datos de carácter persoal proporcionados polas persoas gañadoras da presente promoción (nome e apelidos, DNI e teléfono), serán tratados coa finalidade de xestionar o desenvolvemento da presente promoción, permanecendo nun ficheiro cuxo responsable é ACEBE CCA. Devanditos datos serán conservados durante o período de desenvolvemento da acción promocional. As persoas gañadoras da promoción autorizan expresamente a ACEBE CCA a difundir o seu nome e apelidos nas reportaxes fotográficas, informativas e promocionais relacionadas coa Campaña de primavera 2025 de ACEBE CCA.

O participante poderá exercer en calquer momento os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos seus datos, dirixíndose a ACEBE CCA. á Pza. Mestre Xosé Dapena Nº 1. 15300 - Betanzos (A Coruña), a través dun escrito asinado para o efecto achegando unha fotocopia do D.N.I. Así mesmo, ten dereito a presentar a súa reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.